

1. De acordo co establecido no artigo 4 da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.

A este respecto, poderanse adoptar medidas como: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

2. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas para o mesmo ao longo da etapa educativa. Particularmente, contemplaranse medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala. Estas adaptación en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

3. O tribunal cualificador das probas poderá requirir os informes e a colaboración precisa dos órganos técnicos competentes da Administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato as alumnas e os alumnos con discapacidade. En todo caso a solicitude deberá ir acompañada do correspondente certificado do Secretario/a do centro que indique as adaptacións realizadas durante o Bacharelato ou ciclo formativo superior.

4. O alumnado con discapacidade e/ou con necesidades educativas especiais matriculado na proba de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade no Sistema Universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para a realización da dita proba, poderá solicitar a adopción dalgunha das medidas arriba indicadas ante o presidente do Tribunal Único da proba segundo o procedemento de actuación establecido pola CiUG.

5. Fíxase un prazo dende a data de hoxe ata preferentemente o día 04/02/2020 para informar a CiUG da posibilidade de alumnado con necesidades especiais e/ou discapacitado.